

Xuventude

986 400 798
omix@redondela.es
Paseo da Xunqueira, s/n
36800 Redondela



Concello
de
Redondela



As bases

XVI EDICIÓN PREMIOS RELATOS CURTOS OS VIADUTOS

PARTICIPANTES E OBRAS

Participará no certame mocidade de entre 17 e 35 anos con obras escritas en lingua galega segundo a normativa oficial.

Os textos deberán ser orixinais, inéditos e non premiados nin recoñecidos ou seleccionados noutros certames.

Cada participante pode presentar un único relato. As obras estarán mecanografadas por unha cara a dobre espazo, tamaño de fonte 12, extensión mínima de dez folios e máxima de quince, debidamente encadernadas. Ademais do orixinal axuntaranse tres copias.

FORMA DE PRESENTACIÓN

Os relatos entregaranse en sobre pechado coa indicación XVI edición do Certame Relatos Curtos Viadutos no exterior do mesmo. Cada relato levará no dorso o pseudónimo do autor/a e o título da obra. No primeiro sobre introducirase outro sobre pechado co pseudónimo do autor/a escrito por fóra e, no seu interior, os seguintes datos: nome e apelidos, enderezo completo, teléfono, enderezo de correo electrónico e fotocopia do DNI ou tarxeta de residencia.

LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

As obras entregaranse no Departamento de Xuventude do Concello de Redondela en horario de atención ao público. O prazo de presentación rematará o 27 de novembro do 2015.

As obras poderán enviarse por correo certificado ou por calquera dos supostos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (modificado polo artigo 27 do Real Decreto-Ley 8/2011 de 1 de xullo), ao Departamento de Xuventude - Paseo da Xunqueira s/n - 36800 Redondela.

XURADO E FALLO

O Xurado estará composto por tres membros e un secretario/a con voz e sen voto en representación da Concellería de Xuventude. O fallo do xurado comunicaráse aos gañadores por teléfono, ademais darase a coñecer nos medios de comunicación. Dito fallo farase público no mes de Decembro de 2015.

A entrega de premios terá lugar nun acto público que se convocará oportunamente.

O premio poderá ser declarado deserto de non existiren obras de calidade a xuízo do xurado.

PREMIOS

Concederanse dous premios: o primeiro dotado con 1.200 euros e o segundo con 600 euros.

O Xurado poderá conceder, en base á calidade das obra, ata dous accésits. Estes carecerán de dotación económica.

DEREITOS DE EXPLOTACIÓN DAS OBRAS PREMIADAS

De conformidade co establecido na Lei de Propiedade Intelectual, os autores/as das obras premiadas e das que obteñan mención de accésit, sen prexuízo dos dereitos morais que lles corresponden, ceden en exclusividade á Concellería de Xuventude do Concello de Redondela, os dereitos patrimoniais de explotación das obras gañadoras.

OBRAS NON PREMIADAS

As obras non premiadas devolveranse, a petición dos seus autores/as, en dous meses a contar desde a publicación do fallo, perdendo os seus dereitos no caso de non facelo.

ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das bases, así como a decisión do xurado que será inapelable.